



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica
Sección de transición ecolóxica e cooperación

Expediente: 2025000034993

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0031: PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O 2026

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 14151 do 8 de abril de 2026, que foi publicada no BOP do 20 de abril de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria DP0031: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2026, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos o informe do Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións correspondentes ao Programa DP0031: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2026, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA NIF: G70175401 Cod. Exp.: 2025000055640 Obxecto: ESPÍAS NO BOSQUE 2026	10.640,00	0,7600	14.000,00
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL Y MEDIO AMBIENTAL PARA ESTUDIO DE LA BIODIVERSIDAD "GEAS" NIF: G15889058 Cod. Exp.: 2025000053753 Obxecto: Proxecto REGAM: Rede Galega de seguimento ambiental. Actividades de SECAME, SEMICE, Rede SEMUR e Noite dos morcegos.	4.826,00	0,8000	6.032,50
Beneficiario: ASOCIACION DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS NIF: G70180807 Cod. Exp.: 2025000056783 Obxecto: ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN E DIVULGACIÓN NA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS	20.000,00	0,8000	25.000,00
Beneficiario: ASOCIACION FRAGAS DO ORTEGAL NIF: G16791709 Cod. Exp.: 2025000055497 Obxecto: RECUPERACIÓN DO BOSQUE AUTÓCTONO DA FRAGA DO FAROLEIRO E PROMOVER E DIVULGAR O COÑECEMENTO DO BOSQUE ATLANTICO E DOS ENDEMISMOS EXCLUSIVOS DA COMARCA DO ORTEGAL E CREACIÓN DE MICRORRESERVA DE FLORA NA FRAGA DO RÍO FORTE	2.558,40	0,7345	3.483,19
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NIF: G27392703 Cod. Exp.: 2025000056209 Obxecto: Proxecto para a xestión e divulgación das microrreservas de rochas ultrabásicas da provincia da Coruña	14.880,00	0,8000	18.600,00
Beneficiario: ASOCIACION LIMPOCEAN NIF: G67885079 Cod. Exp.: 2025000054492 Obxecto: Solicitud da Subvención DP0031 para o proxecto Por un mar limpo de plásticos	20.340,00	0,6512	31.234,64

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION MAR DE FABULA NIF: G70417803 Cod. Exp.: 2025000054593 Obxecto: ACTIVIDADES DE MAR DE FÁBULA NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE ANO 2026	12.200,00	0,8000	15.250,00
Beneficiario: ASOCIACION MEDIOAMBIENTAL AMABUL NIF: G15925209 Cod. Exp.: 2025000052841 Obxecto: AULA AMBIENTAL ULLA+26	25.000,00	0,7901	31.641,56
Beneficiario: ASOCIACION NEBOA MEDIO AMBIENTE NIF: G15548878 Cod. Exp.: 2025000049424 Obxecto: Néboa Medio Ambiente: Escola de Natureza	2.936,00	0,8000	3.670,00
Beneficiario: ASOCIACION PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLANTICO BETULA NIF: G70370622 Cod. Exp.: 2025000055991 Obxecto: Recuperación do bosque atlántico en parcelas degradadas por monocultivos intensivos	5.080,00	0,8000	6.350,00
Beneficiario: ASOCIACION PROXECTO BATEFOGO NIF: G70589726 Cod. Exp.: 2025000054635 Obxecto: Proxecto Batefogo. Prevención e autoprotección fronte aos lumes forestais	15.752,42	0,7900	19.939,77
Beneficiario: ASOCIACION REDES DE SAL NIF: G70549118 Cod. Exp.: 2025000056147 Obxecto: ACTIVIDADES (6) DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO FESTIVAL MAR DE MARES 2026	25.000,00	0,7996	31.265,63
Beneficiario: ASOCIACION UMBELLA NIF: G10576767 Cod. Exp.: 2025000054225 Obxecto: Difusión e sensibilización ambiental: Salvando Eldoria, O Xogo da Sostibilidade	2.036,16	0,8000	2.545,20

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION VENTO NOSO NIF: G70081609 Cod. Exp.: 2025000057054 Obxecto: Optimización do autoconsumo: ferramentas para unha xestión eficiente das instalacións renovables.	25.000,00	0,6959	35.924,70
Beneficiario: ASOCIACION VERDEGAIA NIF: G70060363 Cod. Exp.: 2025000055201 Obxecto: Brigadas deseucaliptizadoras 2026. Actividades de defensa, educación e divulgación ambiental co obxecto de protexer e preservar o medio natural na Galiza	3.320,00	0,8000	4.150,00
Beneficiario: COORDINADORA PARA O ESTUDIO MAMIFEROS MARIÑOS NIF: G15400500 Cod. Exp.: 2025000053010 Obxecto: Aportar información, materiais e actividades para o aumento de concienciación sobre a necesidade de conservación dos mamíferos mariños e outras especies mariñas ameazadas.	10.475,86	0,7500	13.967,81
Beneficiario: FUNDACION FRAGAS DO MANDEO NIF: G70258645 Cod. Exp.: 2025000055005 Obxecto: Programa de custodia do territorio 2026 (actividade)	20.000,00	0,8000	25.000,00
Beneficiario: HABITAT GRUPO NATURALISTA NIF: G15039126 Cod. Exp.: 2025000056683 Obxecto: PROGRAMA DE ACCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS 2026	24.998,90	0,8000	31.248,63
Beneficiario: MORCEGOS DE GALICIA NIF: G27316603 Cod. Exp.: 2025000057011 Obxecto: Avanzando na conservación dos morcegos na Coruña	13.735,04	0,8000	17.168,80
Beneficiario: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL NIF: G15037211 Cod. Exp.: 2025000056457 Obxecto: Actividades de divulgación de fauna e flora	2.496,56	0,8000	3.120,70

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: SURF AND CLEAN NIF: G87001129 Cod. Exp.: 2025000055505 Obxecto: "Defende o mar a través do Surfing" Proxecto adicado a transmitir a importancia do mar e o medio mariño nas nosas vidas e a ensinar a defendelo. Traballa cos escolares da provincia da Coruña. É parte dun proxecto maior "Aprende a traves do surfing"	25.000,00	0,8000	31.250,00

Número de solicitudes concedidas: 21
 Total concedido: 286.275,34 €.

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizárase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Cuarto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/17221/481, por importe de: 286.275,34 €

Anular o saldo sobrannte no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Quinto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa DP0031: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2026, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ASOCIACION AMIGAS DA TERRA NIF: G32242422 Cod. Exp.: 2025000056822 Obxecto: Organización de actividades para visibilizar o dereito a reparar como alternativa á cultura de consumo para frear a emerxencia climática.	Ter a sede e delegación en Ourense. (Base 3 das Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2026 (DP0031/2026)).

Número de solicitudes descartadas: 1

Sexto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso

potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.